

## 9º PREMIO IES-G Nº 1 A ESTRADA

Sendo as 10:30 h. do día 11 de xuño de 2024, convocadas as persoas asistentes por Mónica Mato Bustelo, coordinadora do Equipo de Dinamización da Lingua Galega do IES Nº 1, e actuando como secretario Román Cerqueiro Landín, membro do EDLG, reúnese o seguinte alumnado:

Noa Cabaleiro Ribadulla

Lía Expósito Guerrero

Brais Tato Mejuto

Sara Espiño Vaaamonde

Pedro Souto Riveira

Paulo Temperán Fajundes

Que acorda outorgar o 9º Premio IES-G, polo apoio e promoción do galego no sector comercial e empresarial estradense, a Anacos Educativos, empresa situada na rúa Baiuca nº 2 especializada no ámbito socioeducativo e da dinamización cultural. O xurado valorou o uso normalizado da lingua galega nos servizos que ofrece para os máis diversos axentes sociais: cursos e obradoiros formativos, escolas de tempo libre, conciliación e todo tipo de proxectos socioculturais e educativos.

Así mesmo, valórase a utilización do galego na proxección do seu labor en diferentes soportes como a cartalaría e a publicidade externas, as campañas conmemorativas, os materiais e recursos de traballo, a páxina web ou as redes sociais, onde se transmite un uso coidado, rigoroso e de calidade do idioma, unha ferramenta viva de interacción creativa e lúdica coa que Anacos Educativos actualiza o noso patrimonio inmaterial e a nosa identidade cultural e lingüística.

A lingua galega nutre, e ao mesmo tempo enriquece, os valores transversais da inclusividade, a igualdade e a perspectiva de xénero, a diversidade e o compromiso coa realidade sociocomunitaria e cultural da Estrada e da súa contorna, principios que rexen o seu traballo.

Ás 10:45h, levántase a sesión.

A Estrada, 11 de xuño de 2024.

O SECRETARIO

Román Cerqueiro Landín

A COORDINADORA

Mónica Mato Bustelo